



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## BANDO

### Aspectos a ter en conta para as fogueiras da Noite de San Xoán

1º) As persoas físicas ou xurídicas que desexan facer unha fogueira e aínda non dispoñan da correspondente autorización deberán solicitala no Rexistro Xeral deste Concello de Nigrán, ata o día 8 de xuño inclusive; terán que sinalar o lugar elixido así como o nome, enderezo, teléfono e DNI dos/as responsables.

2º) O material inflamable da fogueira deberá estar amontonado con un día de antelación á súa queima, para poder levar a cabo a súa revisión.

3º) O volume do material combustible da fogueira non superará os 5 metros de diámetro nin os 3 metros de altura.

4º) A separación entre as fogueiras e os edificios, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados, será como mínimo de 12 metros. Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non haxa almacenados produtos inflamables nin zonas forestais.

5º) Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, aceites, etc., e en xeral calquera outra substancia que desprenda fumes tóxicos; así mesmo coidarase de non botar ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros.

6º) Ao finalizar a fogueira e, antes de abandonar o lugar desta, os/as responsables da organización coidarán que as cinzas queden totalmente apagadas.

En todos os casos os/as solicitantes serán responsables dos danos que puideran ocasionar a terceiros.

